



## **BANDO**

O día 27 de xuño de 2019 por orde da Policía Local de Ferrol foron retirados e trasladados ao Refuxio de Mougá dous cabalos que deambulaban ceibes nas inmediacións do Parque O Boial, zona do Vinculeiro (Ferrol), cuxo propietario se descoñece.

En consecuencia, de acordo co establecido no Decreto 142/2014, do 14 de xuño (artigos 26 e seguintes), faise público este feito, para que, no prazo máximo de 2 días contados dende o día de hoxe, se alguén é propietario, o comunique á Mancomunidade.

As persoas físicas ou xurídicas que reclamen o seu rescate deberán acreditar a súa propiedade diante da autoridade municipal competente, procederán á súa retirada e responsabilizaranse dos danos causados. Para este fin deberán poñerse en contacto co Refuxio de Mougá, como Centro de Recollida de Animais Abandonados da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, ubicado en el lugar de Mougá, Esmelle, Ferrol, Teléfono 633381763.

Pasado o citado prazo sen identificación de propietarios, comunícase que de forma inmediata a Mancomunidade iniciará os tramites para o seu destino, sen que poda esixirse reclamación ao respecto.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Ferrol, na data da sinatura electrónica

O Presidente da Mancomunidade,

Asdo.: Ángel Manuel Mato Escalona